



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 16 DE XULLO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as dez horas e dez minutos do día dezaseis de xullo do dous mil vinte, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- CONTRATACIÓN.

AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DO PROXECTO "INSTALACIÓN DE POZO DE BOMBEO E REDE DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA DAS REVALEIRAS (PALMEIRA)."

Expediente contratación: 2018/010

Expediente SWAL: 2018/C_OB000009

Con data 27/03/2020, Lisardo Manuel Pérez Rivas, en representación da empresa "VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L." con NIF B15555923, adjudicataria da obra





“INSTALACIÓN DE POZO DE BOMBEO E REDE DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA DAS REVALEIRAS (PALMEIRA)”, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 29/11/2018, por un prezo total de 43.702,30 euros (base: 36.117,60 euros; IVE 21%: 7.584,70 euros) e cuxo contrato administrativo foi formalizado na data 14/12/2018, presenta un escrito que foi rexistrado de entrada co número 3.953, no que solicita a cesión da obra citada á empresa “ABOOTEC PROMOCIONES Y GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L.” con NIF B70579719.

Mediante escritos que foron rexistrados de entrada na data 22/06/2020 cos números 6.715 e 6.780 José Ramón Boo Pego, en representación da empresa “ABOOTEC PROMOCIONES Y GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L.”, solicita que lle sexa cedida a obra indicada no parágrafo anterior e aporta a documentación xustificativa do cumprimento por parte da empresa das condicións esixidas para a cesión do contrato que se dispoñen no Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.

Tendo en conta:

A) A cláusula 35.a (Cesión de contrato) do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente establece:

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 do Texto Refundido da Lei do Contratos do Sector Público.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa, polo órgano de contratación, da cesión. A non constitución da garantía dentro do dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

B) O artigo 226 (Cesión dos contratos) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (lexislación que rexe este contrato), establece:

1. Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non teñan sido razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

2. Para que os adxudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a. Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.*
- b. Que o cedente teña executado ó menos un 20 % do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que teña efectuado a súa explotación durante ó menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce encontrándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.*
- c. Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ó cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.*





d. *Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.*

3. *O cesionario quedará subrogado en tódolos dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente.*

C) O informe emitido por Uxía Landeira Pereira, na súa calidade de directora das obras do proxecto “*Instalación de pozo de bombeo e rede de saneamento e pluviais en Rúa das Revaleiras (Palmeira)*”, asinado na data 13/07/2020, no que se fai constar que *o executado ata a data supón un 52,14% do contrato*, polo que supera o 20% esixido por lei como condición necesaria para que a dita cesión poida ser autorizada.

D) Que segundo a documentación presentada pola empresa cesionaria, esta ten capacidade para contratar coa administración, posúe a solvencia que resulta esixible, e non está incurso en prohibicións vixentes para contratar.

Vistos os antecedentes expostos.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- **Autorizar a cesión do contrato das obras de “INSTALACIÓN DE POZO DE BOMBEO E REDE DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA DAS REVALEIRAS (PALMEIRA)”**, subscrito coa empresa “**VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.**” na data 14 de decembro de 2018, a favor da empresa “**ABOOTEC PROMOCIONES Y GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L.**”

SEGUNDO.- A cesión deberá formalizarse entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública, da que se fará entrega dun exemplar a este Concello.

TERCEIRO.- A empresa cesionaria deberá depositar neste Concello a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación (excluído o IVE.), por calquera dos medios ó que se refire o artigo 96 do TRLCSP.

Así mesmo deberá depositar neste Concello unha garantía complementaria por importe do 5% do prezo de adxudicación (excluído o IVE.).

CUARTO.- A empresa cesionaria quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente.

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por **Sandra M^a Rama Pérez**, de data 14/07/2020, (Rexistro de entrada nº 8.283) no que solicita a ocupación da vía pública (2 m) cunhas mesas para exposición de froita diante do seu establecemento.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado da petición á Policía Local para que emita informe respecto á súa viabilidade.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - HEBER S.C.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Comercio polo miúdo de produtos, (epígrafe IAE 659.9).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 2ª Residencial Intensiva Colectiva en Bloque.

SITUACIÓN: Rúa Touro nº 1, portal nº 6, Baixo, Ribeira.

PROMOTOR/A: HEBER SALOMÓN OTERO, en representación de HEBER S.C.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Francisco A. Fragoso Pena.

PROXECTO: Proxecto Técnico visado de maio de 2014 / Certificado Final de Obra visado o día de 5 de abril de 2015.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada pola HEBER SALOMÓN OTERO, en representación de HEBER S.C., para exercer a actividade de comercio polo miúdo de produtos, (epígrafe IAE 659.9) en instalacións sitas no Rúa Touro nº 1, portal nº 6, Baixo, Ribeira nos termos do Proxecto Técnico visado de maio de 2014, Certificado Final de Obra visado o día de 5 de abril de 2015 redactado polo Sr. Francisco A. Fragoso Pena.

SEGUNDO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 7 de xullo de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 11 de xullo de 2019 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.

SEGUNDO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.





Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da existencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

CUARTO.- Se se produce a transmisión da (licencia/comunicación previa) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

QUINTO.- O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de a (licencia/comunicación previa) urbanística é o seguinte:

A. Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

B. Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (licencia/comunicación previa) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (O informe dos Técnicos Municipais versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado).

C. Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

D. Procederase a notificar a Resolución aos interesados.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos





aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 7 de xullo de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 11 de xullo de 2017 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/07/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade de comercio polo miúdo de produtos, (epígrafe IAE 659.9) en instalacións sitas no Rúa Touro nº 1, portal nº 6, Baixo, Ribeira, solicitada por HEBER S.C., nos termos do Proxecto Técnico visado de maio de 2014 e do Certificado Final de Obra visado o día de 5 de abril de 2015 redactado polo Sr. Francisco A. Fragoso Pena

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada por **Dña Sra. M^a Olga Lema Otón, (DNI 32.768.518-G) e D. José Francisco Pérez Rodríguez, (DNI 36.066.520-J)**, rexistrados de entrada nas datas 5 e 25 de xuño de 2020, (Rexistro de entrada nº 5.599, 6.970), nos que solicita **licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar de existente, sita na Rúa Buenos Aires nº 3, Corrubedo, Ribeira**, en parcela con ref^a catastral nº 4440907MH9144S0001UM.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto municipal de data 26 de xuño de 2020 e do secretario xeral da Corporación de data 10 de xullo de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. M^a Olga Lema Otón e ao Sr. José Francisco Pérez Rodríguez **LICENZA DE OBRAS (Nº 21/20)** para **REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR existente sita na Rúa Buenos Aires nº 3, Corrubedo, Ribeira**, en parcela con ref^a catastral nº 4440907MH9144S0001UM, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Galicia de data 29 de agosto de 2019, Anexo I visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Galicia de data 18 de outubro de 2019, Anexo II visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Galicia de data 23 de xuño de 2020 redactado por Sr. José Ramón Boo Pego, (arquitecto técnico col. nº 2.600):

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra e de Execución Material** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do





- encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
 - O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
 - Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
 - Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
 - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
 - A obra realizarse baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
 - Procederese con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
 - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
 - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
 - Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da





obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

2.- VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada por Dna.Perfecta Mª Sampedro González, (DNI 76.967.346-P) e por D.José Francisco Torrado Brión, (DNI 52.934.594-W), rexistrados de entrada nas datas 11 de marzo, 16 de abril, 2 e 18 de xuño de 2020, (Rexistro de entrada nº 3.622, 4.125, 5.355 e 6.434 respectivamente), mediante o que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa e planta primeira, no lugar de Coroso s/n, Palmeira, Riveira, en parcela resultante da Escritura pública de agrupación das parcelas con refªscatastrais nº 15074A00701066 e nº 15074A00700364 autorizada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos na data 11 de novembro de 2019, achegándose Proxecto Básico de febreiro de 2020, Planos modificados R-A03, R-A04, R-A05 de maio de 2020, Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de maio de 2020, redactados polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 16 de xuño de 2020, da enxeñeira municipal de data 17 de xuño de 2020, do técnico de administración xeral de urbanismo de data 30 de xuño de 2020 e do secretario xeral da Corporación de data 10 de xullo de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á Dna. Perfecta Mª Sampedro González e a D. José Francisco Torrado Brión, **LICENZA DE OBRAS (Nº 22/20)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** no lugar





de Coroso s/n, Palmeira, Riveira, en parcela resultante da Escritura Pública de agrupación das parcelas con ref^o catastrais nº 15074A00701066 e nº 15074A00700364 autorizada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos na data 11 de novembro de 2019, nos termos dos Planos modificados R-A03, R-A04, R-A05 de maio de 2020 así como do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de maio de 2020 redactado polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145):

*-Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 171,00 m²**, e ~~completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.~~ A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.034,55 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico





da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.

-A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:





-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

VISTA a solicitude de licenza de **primeira ocupación de obra maior para Ampliación de aproveitamento baixocuberta en vivenda unifamiliar existente construída ao amparo da licenza de obra nº 14/99, en Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira, da que é promotor **D. Ángel Francisco González Crujeiras (DNI 52.456.791-R)** na Rúa da Cruz, Aguiño, Ribeira urbanística presentada por **Dna Sra. M^a Olga Lema Outón, (DNI 32.768.518-G)** e **D. José Francisco Pérez Rodríguez, (DNI 36.066.520-J)**, rexistrados de entrada nas datas 5 e 25 de xuño de 2020, (Rexistro de entrada nº 5.599, 6.970), nos que solicita **licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar de existente, sita na Rúa Buenos Aires nº 3, Corrubedo, Ribeira**, en parcela con ref^a catastral nº 4440907MH9144S0001UM.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos na data 17 de xuño de 2020 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, e que da documentación obrante no expediente considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa que resulta de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 10/07/2020, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:





PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Ángel González Crujeiras **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar composta de planta baixa, planta alta e baixocuberta ampliada ao amparo da licenza de obra nº 10/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 15 de febreiro de 2018, sita na Rúa da Cruz, Aguiño, Ribeira, nos termos da **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 8 de abril de 2019, asinados polo Arquitecto Manuel Peleteiro Bandín e polo Arquitecto Técnico Antonio Lijó Otero, **Liquidación Final de obra Executada** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 8 de abril de 2019, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Certificado de idoneidade emitido pola empresa do servizo de electricidade (UNIÓN FENOSA)** de data 21 de agosto de 2017, **Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 12 de xullo de 2019.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por Guadalupe Somoza Varela en representación da **C.P. Edf. Clara Campoamor**, de data 23/06/2020 (Rexistro de entrada nº 6.850), no que solicita ampliación de pintado de liña amarela diante do vao permanente nº 20/2005.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 12/07/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** comunicar ao solicitante:

Que non existe inconveniente na ampliación da liña amarela máis alá dos 3 m. que ten asignados a praca de vao permanente nº 20/2005.

Polo tanto, e según o sinalado no citado informe policial, en función da ordenanza fiscal reguladora de taxa sobre vaos permanentes e reservas en vía pública, en función de si desexa ou non ampliar a liña amarela, o interesado deberá solicitar unha nova praca de vao permanente onde inclúa os novos metros de reserva asignados, axustándose ao Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo.

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A **Xunta de Goberno Local** queda enteirada do escrito presentado por **Miguel Ángel Vidal Lojo – Dinamizador Museo Municipal**, de data 14/07/2020, no que comunica a súa renuncia á dirección das obras do proxecto “Escavación e posta en valor da muralla do recinto superior do Castro da Cidá (Ribeira)” – Expte.: 2019/C_OB000025 - , dando traslado do mesmo ao Departamento de Contratación para o seu coñecemento.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do **Cadro de Vacacións** do persoal municipal da Oficina de Atención Cidadá, así como dos conserxes dos colexios.

A **Xunta de Goberno Local** queda enteirada do cadro de vacacións de referencia e, por unanimidade dos presentes, **acorda** a súa aprobación.





3.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 14/07/2020, relativo á necesidade e viabilidade de pintado de liña amarela diante de vivenda situada ao final da Rúa Carroucha.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que non se proceda ao pintado de liña amarela diante de vivenda situada ao final da Rúa Carroucha debido a que desaparecerían tres prazas de estacionamento e, así mesmo, non facilitaría a manobra de xiro ao final da dita rúa, según o sinalado no citado informe policial.

4.- Visto o escrito presentado por **Montserrat Forte Fernández**, de data 06/07/2020 (Rexistro de entrada nº 7.764), no que solicita a instalación dun espello vial á altura do nº 39 no Lugar do Touro (Ribeira), e colocación dun paso de peóns con sinalización vertical na estrada DP7307.

Visto o informe de data 12/07/2020 emitido ao respecto pola Policía Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a instalación dun espello de tráfico solicitado no lugar sinalado ao respecto no citado informe policial.
- b) En relación á colocación do paso de peóns, comunicarlle á interesada que a administración titular da estrada DP7307 é a Deputación Provincial da Coruña.

5.- Vista a solicitude presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 10/07/2020, relativa ao escrito presentado por José Manuel Brión Gago en representación da **Comunidade de Augas de Corrubedo**, no que solicita autorización para a celebración dunha asemblea xeral desa entidade, o día 25/07/2020 a partir das 19:30 h., no espazo exterior situado fronte o Centro Social Cultural de Corrubedo.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 09/07/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a celebración da asemblea xeral da Comunidade de Augas de Corrubedo, o día 25/07/2020 a partir das 19:30 h., no espazo exterior situado fronte o Centro Social Cultural de Corrubedo
- b) Deberá cumprir cos parámetros establecidos sobre medidas de prevención previstas na Resolución da Consellería de Sanidade, sobre





medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid 19.

- c) Deberá acotarse o espazo destinado, así como o corte de rúa mediante valado e sinais de tráfico mentres dure o evento.

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS NO ANO 2019.

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Deportes, Juana María Brión Santamaría, de data 26/06/2020, relativa ao inicio do expediente subvencionador para a posta en marcha da convocatoria de achegas para o outorgamento de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas que destacasen na súa faceta competitiva durante o ano 2019.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 15/07/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o inicio do expediente subvencionador para a posta en marcha da convocatoria de achegas para o outorgamento de achegas para o outorgamento de bolsas a deportistas que destacasen na súa faceta competitiva durante o ano 2019.

Liñas de subvención:

Beca a): Tokio 2021, destinada a deportistas de alto rendemento, de disciplinas olímpicas ou paraolímpicas, integrantes do equipos das seleccións nacionais absolutas no ano 2019, con opción a clasificarse para participar na Olimpiada Tokio 2021; destinándose 6.000,00 €, cunha contía máxima de cada bolsa de 3.000,00 €.

Beca b): para outros deportistas que destacaran na súa faceta competitiva no ano 2019; destinándose 8.000,00 €, cunha contía máxima de cada bolsa de 1.000,00 €.

APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES E O CONCELLO DE RIVEIRA

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 09/07/2020, de aprobación do Convenio de Colaboración entre o Museo Etnográfico de Artes e o Concello de Riveira para a súa sinatura.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en a promoción e difusión cultural do patrimonio artístico e cultural do patrimonio artístico-cultural do noso municipio, establecendo unha liña de actuación orientada a revalorizar dun





xeito eficaz o patrimonio que ten en custodia, aplicando unha serie de medidas que fagan del un centro competitivo no marco da variada oferta que pon a disposición de todo o público.

VISTO o informe favorable que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, Pablo Bao Castro, de data 15/07/2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar a proposta de Convenio de Colaboración, regulador da subvención nominativa (efectos do convenio de 01/11/2019 ata 31/10/2020), entre o Museo Etográfico de Artes e o Concello de Riveira para a súa sinatura.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS PARA A DIFUSIÓN DA OBRA DE MANUEL MURGUÍA E O CONCELLO DE RIVEIRA

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 10/07/2020, de aprobación do Convenio de Colaboración entre a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para adifusión da obra de Manuel Murguía e o Concello de Riveira para a súa sinatura.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en a posta en marcha o II EDICIÓN DO CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS EN GALEGO que ten por obxecto promover a representación da súa obra teatral entre o público galego.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar a proposta de Convenio de Colaboración entre a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para adifusión da obra de Manuel Murguía e o Concello de Riveira para a súa sinatura.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.





ACORDO RELATIVO Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE NO 2019

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña, do 12 de abril de 2019 (en virtude da delegación ao seu favor por parte da Presidencia da Corporación, aprobada por RP núm. 16.643/2015, de 30 de xullo), polo que se aproban as bases específicas do “Programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para a realización de actividades en materia de medio ambiente no ano 2019”, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 73, de data 16 de abril de 2019.

Visto que o Concello de Ribeira solicitou a mencionada axuda, indicando algunha das actividades que se prevían realizar no ano 2019 na oficina de medio ambiente (bases específicas 3.1 do “PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O ANO 2019 / BASES ESPECÍFICAS QUE COMPLEMENTAN AS BASES REGULADORAS XERAIS DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN, PUBLICADAS NO BOP NÚM. 240, DE 18.12.2018”). Cómpre destacar que se preveu elaborar unha nova Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica, adaptada ao previsto na normativa autonómica aplicable, *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* co obxecto de dar cumprimento tanto á normativa comunitaria, estatal e autonómica vixentes sobre protección contra a contaminación acústica, como tamén para responder aos novos retos e necesidades ambientais que se producen na realidade actual do municipio.

Visto que ao longo do ano 2019 procedeuse a elaborar un borrador de ordenanza municipal de rúidos, o cal se presenta e se dá conta á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 09/07/2020, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1. Que a Xunta de Goberno Local queda enteirada do proxecto de ordenanza elaborado.
2. Aprobar o inicio da tramitación do proceso de aprobación da nova Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica, previos os trámites e informes oportunos.





CONCESIÓN DE ACHEGAS AOS BENEFICIARIOS DOS BONOS CORRESPONDENTES ÁS SOLICITUDES RECIBIDAS NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE RIBEIRA ATA O 10/07/2020. Programa de axudas Bono Concilia CampaRibeira Verán 2020.

Conforme Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de cultura, María José Sampedro Fernández, de data 10/07/2020, na que se propón a concesión de bonos correspondentes ás solicitudes que foron recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira entre os días 04/07/2020 e 10/07/2020.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

CONCESIÓN DE BONOS a os seguintes solicitantes:

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE	FILLOS/AS Data de nacemento	MESES Duración en horas	EMPRESA MATRICULA		BONO
Manuel Vidal Pérez A	A.G.V 28/05/2012	Xullo e agosto 9.00-14.00h	GOLFIÑO	370,00€	185,00 €
	C.G.V 25/10/2008	Xullo e agosto 9.00-14.00h	GOLFIÑO	370,00€	185,00 €
Montserrat Sobredo Mata A	C.H.R.S 22/10/2014	Xullo e agosto 8.00-14.00h	GOLFIÑO	440,00€	200,00 €
Cristna Santos Vila A	M.C.S 26/03/2013	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Sport Natural	300,00€	150,50 €
Silvia Rivas Pazó B	E.S.R. 23/01/2012	Xullo e agosto 8.00-14.00h	Fit Sport Natural	160,00€	80,00 €
			TOTAL SEGUNDA RESOLUCIÓN A DATA 10/07/2020		800,00 €

Notificar este acordo aos interesados e poñer no seu coñecemento que:

A subvención concedida condiciónase ao cumprimento dos requisitos establecidos na Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2020, polo que se convoca o programa de axudas “Bono Concilia CampaRibeira verán 2020” publicado no Boletín Oficial da Provincia número 94 de 25/6/2020.

Artigo 16. Pagamento

- Non se abonará cantidade algunha aos beneficiarios solicitantes, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo da actividade contratada a pagar polo solicitante. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e





previa presentación de factura por parte do empresario adherido a este programa de bonos.

2. (...)

3. Nas facturas presentadas polas empresas deberán figurar expresamente identificación (nome e DNI/NIE) da persoa beneficiaria da axuda e do/s neno/s ou nena/s que recibe/n o servizo e os días e horarios nos que se prestou así como os datos fiscais do expedidor, cos importes individuais de cada beneficiario e o importe total a abonar, así como IBAN para a transferencia. Deberá estar dirixida ao Concello de Ribeira e constar que será con cargo ao programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2020. **O límite máximo para a presentación das facturas será o 30 de novembro do presente 2020.**

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

CONCESIÓN DOS PREMIOS AOS GAÑADORES DO CONCURSO “AnimARTE na casa” E DEMAIS PARTICIPANTES, ASÍ COMO ADHESIÓN DE ESTABLECEMENTOS Á CAMPAÑA #EUQUEDONOCOMERCILOCAL

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 15/07/2020, na que propón a concesión dos premios aos gañadores do concurso “AnimARTE na casa” e ao resto de participantes, e de adhesión de establecementos á campaña #euquedonocomerciolocal

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobara a proposta de concesión dos bonos de 150,00 € aos 31 agraciados (listaxe que consta no expediente) nas distintas categorías e modalidades por importe de 4.650,00 €, declarando desertos os premios das categorías relato oral moza e poesía oral moza.
- Aprobar da relación de 438 bonos de 30,00 € ao resto de participantes por importe total de 13.140,00 € indicados no Anexo I (que consta no expediente).
- Aprobar a adhesión á campaña dos 81 establecementos indicados no Anexo II (que consta no expediente)

APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CREACIÓN DUNHA SEDE DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES, IV CICLO

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 01/07/2010, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Universidade de Santiago de





Compostela para a creación dunha sede do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular as condicións básicas para o establecemento dunha sede do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo dependente da Universidade de Santiago de Compostela, na localidade de Riveira.

VISTOS o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 15/07/2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Universidade de Santiago de Compostela para a creación dunha sede do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo; cunha consignación por importe de 11.669,88 € na aplicación orzamentaria 323.45100 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

